



PLAN DIXITAL

CEIP JOSÉ MARÍA LAGE

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: CEIP José María Lage.
- Dirección: Pedro Castiñeiras s/n 15330 Ortigueira A Coruña
- Correo: ceip.josemaria.lage@edu.xunta.gal
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosemarialage/>
- Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria.
- N.º de alumnado: 222
- N.º de profesorado: 25.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro educativo atópase situado ao norte da Comunidade Autónoma de Galicia, na provincia da Coruña, en Ortigueira. Trátase dun concello que conta cuns 5.500 habitantes, sendo a súa tendencia a ir decrecendo nos últimos anos. O nivel socioeconómico e cultural do concello considérase medio.

A comezos do curso 2021/2022 realizouse unha enquisa ás familias para coñecer o equipamento e a conectividade coa que contaban. Os datos obtidos manifestan que todas as familias contan cun mínimo de equipamento e conectividade. Aínda así, é importante destacar que a velocidade da conexión, en ocasións, non é a axeitada ao estar nun entorno rural.

O Plan Dixital atópase íntimamente relacionado cos distintos plans e proxectos que se están a levar a cabo no centro. Hoxe en día cobra especial importancia as Tecnoloxías da Información e Comunicación no proceso de ensino e aprendizaxe, aspecto que observamos na Programación Xeral Anual, así como nas aportacións que fan cada un dos equipos cada ano escolar (Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo TIC, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e Equipo de Biblioteca).

Por outro lado, actualmente, no noso centro contamos cos seguintes plans e proxectos cos que este documento está estreitamente ligado:

- Edixgal: todo o alumnado de 5º e 6º de educación primaria conta cun ordenador portátil como ferramenta principal na súa aprendizaxe. É moi importante que o alumnado vaia adquirindo unha competencia dixital axeitada que lle permita manexarse de forma autónoma e fiable neste medio.
- Introducción a Robótica en primaria. O alumnado aprende a programar e a desenvolver a competencia dixital a través da robótica.
- Digicraft: este programa está destinado ao alumnado de 5º e 6º de primaria. Ten como obxectivo desenvolver a competencia dixital dos nenos e nenas.
- PLAMBE: creación dunha zona maker na biblioteca.

Tendo en conta todos estes aspectos, a elaboración dun Plan Dixital cobra especial sentido. Este plan permite establecer uns obxectivos a acadar mediante a concreción dunhas accións que nos permita mellorar neste ámbito.

Do mesmo xeito, cabe destacar que o Plan Dixital pretende contribuír coa Programación Xeral Anual do curso 22/23 na mellora da estratexia dixital de centro (equipamento e infraestrutura, formación, recursos TIC, uso de ferramentas dixitais, etc.) traballando estreitamente cos distintos equipos de centro, especialmente co equipo TIC.

Na programación Xeral do próximo curso asignarase un apartado específico para a descrición do proceso de implementación do Plan Dixital.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital creáse a partir da necesidade que se observa nos centros educativos de contar cunha estratexia dixital que se adapte ás características e circunstancias actuais. Pártese da seguinte lexislación principalmente, na que se recolle a importancia de levar a cabo un proceso de ensino e aprendizaxe que permita desenvolver unha competencia dixital empregando recursos tecnolóxicos axeitados.

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o*

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Para comezar a elaborar o Plan Dixital de centro foi necesario constituír o Equipo de Dinamización do Plan Dixital. As persoas integrantes do mesmo son:

- Directora.
- Xefa de estudos.
- Secretaria e coordinadora Edixgal.
- Coordinadora do Equipo TIC.
- Titora de Educación Primaria (coordinadora do Equipo Plan Dixital).

Para elaborar o Plan Dixital leváronse a cabo dúas fases:

- Fase I: Análise e Diagnose da situación dos centros. Neste paso foi necesario que o alumnado de 5º e 6º de educación primaria xunto co profesorado definitivo do centro e o equipo directivo cumprimentara o cuestionario SELFIE. Unha vez realizado este cuestionario, activouse o test de Competencia Dixital do Centro para valorar tamen este aspecto.

Recollidos estes datos e analizando a información obtida elabouse o DAFO. Este documento permitiu coñecer as debilidades, fortalezas, ameazas e posibilidades do noso centro.

- Fase II: Deseño e elaboración do Plan Dixital. Unha vez analizada a situación do

noso centro comezouse a elaborar o Plan Dixital. Para isto, partiuse da elaboración dun Plan de Acción que recolle os obxectivos que se pretenden acadar ao longo do próximo curso 2022/2023, xunto cos indicadores de logro, accións a levar a cabo, responsables, recursos e temporalización.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Actualmente no noso centro estánse a facer uso dun total de 35 aulas, das cales:

- Catro forman parte do Proxecto de Educación Dixital E-Dixgal polo que están totalmente dixitalizadas (con conectividade e posibilidade de visualización e interacción)
- Catro titorías de Educación Infantil non dixitalizadas (teñen conexión Wiffi, pero non teñen conectividade cableada nin PDIs que lles permita a interactividade. Os equipos de mesa están actualmente obsoletos; o seu uso é escaso debido aos atrancos que provocan).
- A aula de audiovisuais de Educación Infantil conta con conexión Wiffi, pero tampouco conta con conexión cableada nin PDI interactiva.
- Na biblioteca do centro hai conectividade Wiffi e cableada, pero non PDI. Así mesmo, os equipos de mesa de consulta do alumnado (2) presentan un funcionamento lento.
- A aula de música está totalmente desconectada. Non conta con equipo informático, nin PDI nin conexión cableada.
- Dos espazos adicados a tarefas de xestión e administración, pódese comentar que contan con conectividade cableada, pero os ordenadores do equipo directivo amosan un funcionamento lento dificultando a axilización de trámites administrativos do centro.
- As aulas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica amosan conectividade Wiffi, pero non conta con PDI.
- A aula destinada ao desdobre do grupo de 1º de Educación Primaria, conta con conexión Wiffi e cableada, pero non cunha PDI táctil.

- As aulas de primeiro ciclo de Educación Primaria (1º e 2º) atópanse totalmente dixitalizadas.
- A aula correspondente ás Seccións Bilingües do 1º ciclo de Educación Primaria ten conectividade, pero non PDI.
- A aula de informática conta con conexión Wiffi, conexión cableada con 16 tomas, pero non ten PDI. Actualmente, dita aula está facendo uso de 8 equipos procedentes do Programa Educa en Digital do alumnado (por non ser requeridos por parte das familias), pero o resto de equipos amosan un funcionamento pobre, polo que non se está a facer un uso cotiá da mesmas por parte das titorías.
- O Departamento de Orientación conta con conectividade Wiffi e cableada. Non ten un equipo asignado.
- No primeiro andar, catro aulas correspondentes ao 2º ciclo de Educación Primaria (3º-4º) están dixitalizadas (actualmente, unha delas está destinada á Aula Croma).
- A aula de robótica, conta con conectividade Wiffi, pero non cableada e non ten PDI.
- A aula de audiovisuais de 2º ciclo, non ten PDI nin conexión cableada.
- Na sala de mestres/as hai conexión cableada e Wiffi, pero só hai un equipo dispoñible e amosa avarías e lentitude cada pouco tempo.
- A aula de audiovisuais de 3º ciclo de Educación Primaria, conta con conectividade, pero non ten PDI.
- A aula de lingua estranxeira ten conectividade Wiffi, pero non cableada. Non ten un equipo asignado.
- Neste andar, hai dúas aulas totalmente desequipadas (Laboratorio e Aula de Relixión).

No que se refire aos servizos dixitais educativos, o centro conta con:

- Páxina web actualizada.
- Aulas virtuais creadas desde Educación Infantil ata 4º de Educación Primaria. En 5º e 6º contan coa plataforma de EDIXGAL.
- Espazo ABALAR.

- AbalarMóbil.
- Correo corporativo.
- Webex.

Por último e en canto á xestión e mantemento do equipamento do centro séguense uns pasos que se detallan a continuación:

- 1º Avisar á persoa coordinadora do equipo TIC ou de EDIXGAL.
- 2º As persoas coordinadoras póñense en contacto coa UAC ou co servizo Premium EDIXGAL para abrir unha incidencia.
- 3º Esta incidencia pode ser resolta vía telefónica ou, no caso de ser preciso, asiste un técnico ao centro para poder solventalo.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Os datos que se observan a continuación son os obtidos do cuestionario SELFIE. Cada apartado este valorado sobre un máximo de 5 puntos.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	1.8				
	Profesorado	3				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.1				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado	3.9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	3.9				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	4.2				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	3.7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	4				

Nas seguintes táboas recóllense os datos obtidos no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	19	84.2%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	3	66.7%
SUBSTITUTO	4	5	80%
DESPRAZADO	=	=	=

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74.2	Integrador/a B1	76.4	Integrador/a B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	72	Integrador/a B1	68.2	Integrador/a B1
Pri.	74.1	Integrador/a B1	77	Integrador/a B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	=	=
A2	12	50%
B1	8	33.3%
B2	2	8.3%
C1	2	8.3%
C2	=	=
TOTAL	24	99.9%

2.3. Análise DAFO

Partindo de toda a información anterior elaborouse un DAFO que permitiu coñecer as fortalezas, debilidades, ameazas e posibilidades do centro e, ao mesmo tempo, foi o punto de partida para crear o Plan de Acción.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> O centro conta con dixosivos dixitais de Edixgal. 	<ul style="list-style-type: none"> A infraestrutura non respalda a ensinanza e aprendizaxe nas TIC, excepto en 5º e 6º de primaria.
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> O persoal docente aplica novas modalidades de ensinanza empregando as TIC. Existen constantes debates sobre o uso das TIC O equipo directivo debate e reflexiona sobre as necesidades DPC. O centro participa no DPC. O equipo directivo axuda a intercambiar experiencias relacionadas coas TIC. O persoal docente busca recursos en liña. O persoal docente crea recursos dixitais para reforzar a aprendizaxe. O persoal docente emprega diferentes entornos virtuais de aprendizaxe. O persoal docente emprega as tecnoloxías para a comunicación relativas ao centro educativo. Empréganse recursos educativos abertos. O alumnado e profesorado considera que o persoal docente emprega as TIC para adaptarse ás necesidades educativas. En EDIXGAL empréganse as TIC para fomentar a creatividade. Principalmente en Edixgal realízanse actividades dixitais implicando ao alumnado, En Edixgal empréganse as TIC para avaliar as capacidades do alumnado. En Edixgal empréganse as TIC para ofrecer unha retroalimentación axeitada ao alumnado. Desenvólvese a autorreflexión sobre a aprendizaxe do alumnado coas TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> Non se fai uso das TIC para realizar comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo, Fora do ámbito educativo as TIC non se empregan para fomentar o traballo colaborativo. O centro non conta con proxecto interdisciplinares para fomentar o uso das TIC. O profesorado non ten tempo dentro do horario laboral para explorar novas metodoloxías de ensinanza dixital. O persoal docente non conta con instrumentos de avaliación para valorar o progreso nas TIC.
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado adquire un comportamento seguro no manexo das TIC. O alumnado adquire un comportamento responsable no manexo das TIC, O alumnado (principalmente de Edixgal) aprende a codificar e a programar. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado coñece as ferramentas para comunicarse a través das TIC pero non se fai uso delas no ámbito escolar. O alumnado non aprende (por falta de oportunidades) a otorgar recoñecemento ao traballo dos demais. O alumnado non aprende (por falta de oportunidades, exceptuando cursos de Edixgal) a crear contidos dixitais. Só o alumnado Edixgal leva dispositivos dixitais para a casa. O alumnado do centro con NEE non require tecnoloxías asistencias específicas. O alumnado non aplica unha actitude crítica á hora de verificar a calidade da información.
	FAMILIAS OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> O profesorado amosa iniciativa cara a aprendizaxe de estratexias dixitais. Aplicase unha enquisa no inicio do curso para identificar a brecha dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> O centro non conta cunha estratexia dixital. O centro dispón de espazos físicos, pero non se fai un uso habitual dos mesmos. No centro non se fai un uso habitual de bibliotecas e repositorios en liña. 	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> ● O centro conta cunha conexión a internet axeitada. ● O centro conta cunha axeitada asistencia técnica. 	<ul style="list-style-type: none"> ● No centro cóntase con dixpositivos dixitais pero moitos están obsoletos.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ● Empréganse os sistemas de protección de datos recollidos na lexislación actual. 	
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		<ul style="list-style-type: none"> ● Non mantemos colaboración con entidades externas.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez analizado o DAFO e tendo en conta a situación actual do centro, priorizáronse unha serie de obxectivos que se consideran necesarios acadar para poder contar cunha mellor base a nivel dixital.

Nas seguintes táboas pódense observar detallados cada un dos obxectivos que se pretenden acadar e as datas previstas. Ademais inclúense indicadores de logro, accións e persoas responsables.

Os obxectivos propostos son os seguintes:

1. Sacar o máximo rendemento ás aulas de robótica e de informática do centro.
2. Incrementar o equipamento tecnolóxico do centro.
3. Facilitar equipos informáticas do centro ao alumnado que o precise.
4. Crear unha rúbrica por nivel para valorar o progreso do alumnado nas TIC trimestralmente.
5. Aproveitar o proxecto de centro da biblioteca para fomentar as TIC.
6. Incrementar o nivel de competencia dixital do profesorado mediante a formación.
7. Crear e compartir actividades dixitais para todos os niveis.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestrutura, Prácticas de Liderado e Gobernanza.						
1. OBXECTIVO (1):	Sacar o máximo rendemento ás aulas de robótica e de informática do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso semanal das aulas de informática ou robótica.					
Valor de partida (3)	0 usos semanais.					
Valor previsto e data (4)	1 visita semanal á aula de informática ou robótica o alumnado de EI e 1º, 2º, 3º e 4º de EP.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
1.1. Organización dun horario de uso destas aulas.	Coordinador TIC	30 de setembro	Plantilla de horario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
1.2. Recomendación de actividades tipo para cada nivel.	Equipo TIC	15 de novembro	Tríptico de recomendacións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
1.3. Planificación dunha sesión de formación do profesorado.	Mestre de robótica do curso 2022/2023.	21 de novembro	Convocatoria de reunión. Aula de informática e/ou robótica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
1.4 Elaboración e divulgación dun documento co protocolo de uso das aulas de informática e robótica.	Equipo TIC	21 de novembro	Protocolo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestrutura.							
2. OBXECTIVO (1):		Incrementar o equipamento tecnolóxico do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:		Persoa directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número de equipos informáticos novos.					
Valor de partida (3)		0					
Valor previsto e data (4)		6			30 de setembro do 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
2.1: Solicitud a Consellería.	Dirección	Setembro 2022	Solicitud.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
2.2 Revisión do equipamento actual. Detección de necesidades de equipamento tecnolóxico.	Coordinador/a TIC	Setembro 2022	Inventario do equipamento.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestrutura, Prácticas de Liderado e Gobernanza.						
3. OBXECTIVO (1):	Facilitar equipos informáticos do centro ao alumnado que o precise.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Equipos informáticos a disposición do alumnado					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	8			Finais 1º trimestre curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
3.1. Información ao alumnado e ás familias do centro sobre a dispoñibilidade destes equipos.	Titores	15 outubro 2022	Nota informativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
3. 2. Elaboración dun caderno de empréstitos destes equipos.	Equipo directivo	30 de setembro	Caderno de empréstitos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
3.3 Elaboración e divulgación dun documento coas normas de préstamo e uso dos equipos.	Equipo TIC	31 de outubro	Documento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Prácticas de avaliación.						
4. OBXECTIVO (1):	Crear unha rúbrica por nivel para valorar o progreso do alumnado nas TIC trimestralmente.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de ciclo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación de rúbricas que permitan valorar o progreso nas TIC.					
Valor de partida (3)	0 rúbricas					
Valor previsto e data (4)	1 rúbrica por nivel			xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
4.1. Creación dunha rúbrica por ciclo que permita valorar o progreso do alumnado nas TIC	Equipo de ciclo	30 de setembro	Rúbricas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
4.2. Uso e aplicación das rúbricas.	Equipo docente	Final de cada trimestre.	Rúbricas. Reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Prácticas de ensino e aprendizaxe.							
5. OBXECTIVO	Aproveitar o proxecto de centro da biblioteca para fomentar as TIC.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de biblioteca					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso das TIC en proxectos interdisciplinarios.						
Valor de partida (3)	Non se empregan as TIC no proxecto da biblioteca.						
Valor previsto e data (4)	Empregar as TIC 1 vez por trimestre no proxecto da biblioteca.				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
5.1 Creación de actividades trimestrais dentro do proxecto da biblioteca que impliquen o uso das TIC	Equipo da biblioteca	Xuño 2023	Actividades Edixgal Aula Virtual Outras ferramentas TIC		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
5.2 Adaptación das actividades trimestrais do proxecto coas TIC a todos os niveis.	Titores/as	Xuño 2023	Actividades Edixgal Aula Virtual Outras ferramentas TIC		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional.						
6. OBXECTIVO	Incrementar o nivel de competencia dixital do profesorado mediante a formación.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Participación en actividades de formación sobre as TIC.					
Valor de partida (3)	Non todo o profesorado recibe formación relacionada coas TIC.					
Valor previsto e data (4)	Realizar, cando menos, 1 curso relacionado co uso das TIC.			xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
6.1 Creación dun grupo de traballo (ou a través de Edixgal ou do Plan Dixital) para compartir experiencias e recursos.	Coordinadores	14 de outubro	Actividades Edixgal Aula Virtual Outras ferramentas TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
6.2. Identificación das necesidades de formación do profesorado en relación a súa competencia TIC.	Claustro	30 de setembro	Reunión. Acta.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
6.3. Selección das persoas formadoras.	Coordinadores	31 de marzo	Poñentes.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Contido e currículo.						
7. OBXECTIVO	Crear e compartir actividades dixitais para todos os niveis.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador de ciclo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación de actividades dixitais.					
Valor de partida (3)	Non todo o profesorado elabora actividades dixitais.					
Valor previsto e data (4)	Crear 2 actividades dixitais por trimestre en cada ciclo.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
7.1. Uso compartido de actividades creadas por outro compañeiro/a dentro do mesmo nivel ou ciclo.	Equipo de ciclo	Maio de 2023	Actividades Edixgal Aula Virtual Outras ferramentas TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
7.2. Crear actividades dixitais por ciclo.	Equipo de ciclo	Maio de 2023	Actividades Edixgal Aula Virtual Outras ferramentas TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
7.3 Habilitar na aula virtual do centro un espazo para compartir recursos educativos.	Equipo TIC	Outubro de 2022	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As principais necesidades do noso centro en canto á infraestructura, equipamento e servizos dixitais educativos consisten no seguinte:

- Dotación de equipos informáticos nos seguintes espazos:
 - ◆ Aulas de Educación Infantil.
 - ◆ Biblioteca.
 - ◆ Espazos de administración e xestión
 - ◆ Sala de profesorado.
 - ◆ Departamento de orientación.
 - ◆ Aula de música.
 - ◆ Aula de relixión.
 - ◆ Aula de lingua estranxeira de 3º ciclo de Primaria
 - ◆ Laboratorio.
- Dotación de PDIs que permitan a visualización e interactividade naquelas aulas desprovistas destas, entre elas:
 - ◆ Aulas de Educación Infantil.
 - ◆ Aula audiovisuais de Educación Infantil.
 - ◆ Biblioteca
 - ◆ Aula de música
 - ◆ Aula de seccións bilingües
 - ◆ Aula de desdobre de 1º ciclo de Primaria.
 - ◆ Aula de lingua estranxeira de 2º ciclo de Primaria.
 - ◆ Aula de audiovisuais de 2º ciclo de Primaria.
 - ◆ Aula de informática.
 - ◆ Aula de robótica.
 - ◆ Aula de relixión.
 - ◆ Laboratorio
 - ◆ Aula de lingua estranxeira de 3º ciclo de Educación Primaria.
- Renovación dos equipos cuxo funcionamento é lento ou dificultan a labor docente.

- Equipación de aulas de nova creación, como a aula Croma, con recursos e material específico para poder desenvolver novos proxectos de innovación.
- Mellora da velocidade de conexión.
- Dotación dun carro de equipos ultraportátiles para aula móbil con posibilidade de desprazamento polas titorías que así o precisen (e que non formen parte de E-Dixgal).

4. Avaliación do plan.

Para o correcto funcionamento deste documento é necesario unha revisión e actualización periódica para poder adaptalo a futuras situacións. Desta forma, contaríamos con dous tipos de avaliación:

- Avaliación procesual. O Plan Dixital será avaliado de forma trimestral tendo en conta o estado de execución das accións, análise e valoración de resultados e posibles modificacións e propostas de mellora que sexa necesario realizar.
- Avaliación final. Ao finalizar cada ano escolar valorarase a consecución dos obxectivos previstos e incluíranse as propostas de melloras, en caso de ser necesario..

O Equipo de dinamización do Plan dixital elaborará un documento para incluír na memoria final do centro, este documento tamén recollerá propostas de mellora para o seguinte curso.

Poderán terse en conta para a avaliación do Plan Dixital os datos obtidos de futuras aplicacións de SELFIE e o test de competencia dixital docente.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

O Equipo de dinamización do Plan Dixital presentará unha actualización do Plan Dixital para o curso 2023-2024 tendo en conta os datos de consecución dos obxectivos, valoración das actuacións do plan de acción, propostas recollidas da comunidade educativa, cambios normativos e outros aspectos que considere relevantes. A aprobación das modificacións no Plan Dixital axustarase ao procedemento establecido para a elaboración do Plan Dixital.

5. Difusión do plan

Este documento será difundido entre a comunidade educativa a través da páxina web do centro.

Unha vez aprobado o Plan Dixital será publicado en aberto no sitio web do centro.

Informarase á comunidade educativa seguindo os procedementos habituais:

- Profesorado: tratarase o tema na primeira reunión de claustro do curso do contido do plan e da localización do texto do mesmo para a súa consulta.
- Familias: Serán informadas a través de comunicado pola aplicación AbalarMóbil.

Unha copia en papel do Plan Dixital estará dispoñible no centro para a consulta.